



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE NOVEMBRO DO 2018.-

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farías. Dna Cristina Cadena Freire. Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Fernández Lage. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e cincuenta e tres minutos do día vinteito de novembro do dous mil dezaioito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE DO CAMBIO DE DATA SESIÓN ORDINARIA A CELEBRAR POLO CONCELLO PLENO, PARA O DÍA DE HOXE

Sometida a votación o cambio de data da Sesión Ordinaria correspondente ao día de hoxe, o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES, 3 PP) e 3 abstencións (3 BNG), acorda ratificar o cambio de data da sesión ordinaria a celebrar polo concello, para o día de hoxe.

2º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA CORRESPONDENTE Ó DÍA 31 DE OUTUBRO DO 2018

O Sr. Alcalde pregunta si alguén quere intervir, dálle a palabra ao Sr. Pita Carballeira.

Intervén o Sr. Pita Carballeira manifestando que na moción do BNG do tema da enerxía hai un erro de transcripción, **onde di aceptar ou negociar o prezo da enerxía ten que dicir esixir que se negocie o prezo da enerxía.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde sometendo a votación a acta do 31/10/2018 coa corrección de erro que expón o voceiro de Son de Ares.

Intervén o Sr. Mesias Farías dicindo que a súa votación é en contra porque a acta non está completa.

Sometida a votación o Concello Pleno por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 1 de SON DE ARES, 3 PP) e 3 en contra (3 BNG), acorda prestala súa aprobación da



acta da sesión celebrada polo concello o día 31/10/2018 incluíndo a corrección de erro anteriormente citado.

3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO USO DO MOSTEIRO DE SANTA CATALINA.

Dáse conta do informe de Secretaría correspondente a Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do uso do Mosteiro de Santa Catalina de data 16 de Novembro do 2018, que a continuación se transcribe;

INFORME DE SECRETARIA

Asunto: Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Laxa pola prestación de servicios do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro e as súas instalacións.

En cumprimento do ordenado pala Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 3.3. do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO.- Lexislación aplicable

A lexislación básica aplicable é a seguinte:

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais -TRLRHL-.

SEGUNDO.- Consideracións xurídicas

A lexislación específica aplicable á imposición e ordenación das taxas, está constituída polos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, respecto da determinación do feito impositivo, suxeitos abrigados ao pago e contía das Taxas, cuxo establecemento permite o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

TERCEIRO.- Procedemento a seguir

A adopción do acordo de imposición e aprobación da Ordenanza fiscal respectiva vén atribuída ao Pleno da Corporación, de conformidade co que dispón o artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, sen ser necesaria unha maioría especial.



O procedemento para o establecemento, modificación, supresión e ordenación é o previsto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, que se expón a continuación, tendo en conta que as correspondentes Ordenanzas fiscais que se aproben haberán de ter o contido mínimo establecido no artigo 16.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais:

- O expediente, completo e ditaminado (no seu caso) pola Comisión Informativa respectiva deberá elevarse ao Concello Pleno para o seu debate e aprobación inicial.

O acordo de aprobación inicial exporase no taboleiro de anuncios da Entidade, na web municipal, durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

- Someterase o anuncio de exposición mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Finalizado o período de exposición pública, adoptaranse os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentaron e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que retirase o acordo provisional. No caso de que non se presentaron reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que retirase o apartado anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia, sen que entren en vigor ata que se levou a cabo dita publicación.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-, con carácter previo á elaboración da Ordenanza, debe sustanciarse unha consulta pública previa para solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados polo mesmo, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

CUARTO.- Respecto do contido da modificación, a mesma responde á necesidade de preservar determinados espazos do Mosteiro -Ben declarado BIC- como por exemplo a capela, etc. regulando os horarios así como a montaxe e desmontaxe de instalación móbiles e a súa limpeza e necesidade de presentar garantía/aval para responder da devolución das instalacións no estado en que foron entregadas.



Na súa virtude, por esta Secretaría non se observa inconvinte, para dita modificación.

Ares, a 16 de novembro de 2018.

O Secretario

Intervén o Sr. Alcalde dado paso a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dando os bos días a todos/as antes de comezar a intervención dicir que tedes aí un libro para cada concelleiro/a do que nos comprometeramos no pleno pasado a traer a publicación da deputación ao respecto das Corporacións Municipais na II República. Estamos cunha modificación da ordenanza que volvo a incidir sobre o uso do Monasterio de Santa Catalina porque isto tróuxose creo que o ano pasado ou fai dous anos, eu acórdome dese debate e acórdome que nós non estabamos a favor de plantexar a ordenanza municipal nunhas cuestións que xa se saben que non se poden levar a cabo e como querer facer algo que xa se sabe que non se pode levar a cabo entón, incidimos outra vez no mesmo estamos a falar outra vez estamos cunha ordenanza que pretende regular o uso si que hai algunha mellora ao respecto de que se concreta algúns espazos que deben ser para uso e outros xa se sabe que non se pode poñer o uso, aínda así deberíase de concretar o que é a realidade que temos e a capacidade que temos para xestionar o que é o das entradas e todo iso, o cobro das entradas quen o vai a realizar que persoa está capacitada para poder facelo ou como vaise a levar o control de todas esas cantidades polo tanto, en principio senón recibimos outra consideración por parte de quen a propón que é o goberno, non lle imos a dar a aprobación.

Remata o Sr. Mesías Farías a primeira quenda de intervencións, dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martinez Martinez manifestando que o seu voto vai ser a favor.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que unha vez fixadas as posicións dos grupos sometemos o punto a votación.

Sometida a votación a Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Uso do Mosteiro de Santa Catalina, o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES, 3 PP) e 3 abstencións (3 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

4º.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES TITULAR E SUPLENTE, DO CONCELLO DE ARES CON CONSELLO ESCOLAR C.P.I. AS MIRANDAS

Dáse conta da Resolución da Alcaldía 441/18 na que se propón como representante titular a Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que hai un erro na proposta, xa que o punto e designación de representante titular e suplente e na proposta soamente contempla a titular non a suplente polo tanto facemos unha emenda a resolución na cal constaría como titular Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro e como suplente a que xa estaba Dna. Olimpia Marcos García.



O Sr. Alcalde pregunta si alguén quere intervir, dálle a palabra ao Sr. Mesías Farías.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que realmente o que ben a votar aquí é unha designación que xa esta feita, isto non é unha proposta senón unha designación de representante que ten que vir referendada polo pleno e aínda que sabemos que é tradicional que un membro do goberno pase a formar parte dun consello escolar ben é certo, que non necesariamente ten que ser así, por iso nós entendíamos que esta proposta debería ser modificada con anterioridade e incluso barallar a posibilidade de poñer outra alternativa, e digo isto porque a día de hoxe todos sabemos que a relación concello – colexio non é todo o fluída que debería ser sabemos que que hai diferenzas de opinión refrendadas polas publicacións que fai o CPI na súa web ao respecto dos acordos que se toman aquí, cando chegan alí como chegan e tamén a prioridade que ten o grupo de goberno en facer determinadas obras ao respecto das necesidades do colexio e por iso polo que nós debido a que esta designación xa está tomada e non se ven a falar de este tema pois tampouco nós imos a prestarlle a súa aprobación a esta proposta.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que a proposta é designar titular e suplente en consecuencia na resolución só está designada a titular, pero efectivamente a proposta é designar tamén a suplente, e en consecuencia emendamos a ausencia de suplente a cubrimos e en consecuencia a proposta da alcaldía é a designación, a Alcaldía correspóndelle propoñer e designar e logo ao pleno ratificar. Entón a Alcaldía propón a Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro como titular e a Dna. Olimpia Marcos García como suplente e esa é a designación que pide que o pleno ratifique

Sometida a votación a Adhesión a Designación de Representantes Titular e Suplente do Concello de Ares no Consello Escolar do C.P.I, o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES, 3 PP) e 3 abstencións (3 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

5º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello pleno dáse por enterado.

6º.- MOCIÓNS-PROPOSTAS:

Dáse conta da moción presentada polo grupo Son de Ares sobre os conflitos dos traballadores do PAC do seguinte teor literal;

GUSTAVO PITA CARBALLEIRA , Concelleiro -Portavoz do Grupo municipal Son de Ares, ante VI. comparece e presenta a seguinte moción ao Pleno da Corporación municipal do Concello de Ares con base nos seguintes

ASUNTO: Moción en apoio ao conflito das traballadoras do PAC.



MOTIVOS

Os PAC, Puntos de Atención Continuada do Servizo Galega de Saúde (SERGAS), distribuídos por toda Galicia, prestan asistencia sanitaria en horario comprendido entre 15:00 e 8:00 horas en días laborables e 24h en domingos e festivos. As condicións de traballo regúlanse pala Orde de 4 de xuño de 2008 pala que se publican determinados acordos sobre ordenación e provisión de postas de traballo e condicións de traballo e retributivas no ámbito da atención primaria do SERGAS.

Fai mais de 10 meses as traballadoras dos PAC presentaron por escrito ao SERGAS unha táboa de na que se recollían as necesidades, deste colectivo, para poder realizar o traballo en condicións de seguridade e coa suficiente calidade asistencial e solicitando a recuperación de dereitos contemplados na orde que regula as condicións de traballo dos PAC.

As reivindicacións do colectivo son as seguintes:

- Equipos paritarios de enfermaría e persoal médico.
- Revisión dos plans funcionais de cada PAC para dotar das necesidades actuais en cada centro.
- Cumprimento das normativas europeas de tempo de traballo.
- Dotación de Equipos de Protección individualizados, segundo se recolle na Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- Computo real da xornada realizada e manter as 1451h de xornada efectiva. Que non selles apliquen penalizacións en situación de incapacidade temporal ou permisos de conciliación familiar.
- Eliminación dos obxectivos o iten de derivación de doentes do PAC ao hospitalaria. Derívanse doentes por patoloxía non por número.
- Esiximos o pago inmediato do 100% dos complementos de festividade e nocturnidade conxelados desde o 2010.
- Abono de dietas en domingos e festivos por comida e cea. Elaboración de calendarios de traballo dando prioridade ao persoal do PAC.

Tras a convocatoria da Comisión Técnica e varias reunións estériles nas cales o SERGAS non achegou ningunha proposta solucionar e corrixir as demandas presentadas, as e os traballadoras/es dos PAC víronse na abriga de ir a unha convocatoria de Folga para que as súas reivindicacións, xustas e básicas, sexan escoitadas.

Despois de 1 mes desde a convocatoria de folga o SERGAS fai oídos xordos aos problemas dos e das traballadoras dos PAC, coa repercusión negativa que as carencias nos PACs teñen sobre a saúde os usuarios destes servizos.

Polo anteriormente exposto o Pleno do Concello demostra a súa solidariedade cos traballadores e traballadoras dos PAC, e insta á Consellaría de Sanidade e ao SERGAS a negociar cos traballadoras/es da sanidade pública as demandas laborais e asistencias presentadas polo colectivo. A sanidade pública é un dereito de todas/os.



Ares, 19 de Novembro de 2018.

Asdo. Gustavo Pita Carballeira. Voceiro do grupo municipal Son de Ares.

Intervén o Sr. Alcalde abrindo a primeira quenda de intervencións para fixar posicións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando que o seu voto vai ser a favor.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que coa oferta de emprego público para o ano 2018 que ascende a 1461 prazas e que ten a súa aposta pola atención primaria como a pediatría e a medicina familiar vaise a solventar a maioría dos problemas. O compromiso da sanidade pública reflectise nos orzamentos para o 2019 que roza os 4000 millóns de euros e dicir, un 40% do orzamento total da Xunta de Galicia que é a cifra máis alta da historia. A sanidade pública é un dos servizos mellor valorados para os cidadáns galegos e que continúe una prioridade para o goberno autonómico tal e como demostran os orzamentos do próximo ano, co cal o noso voto vai ser abstencións.

Toma a palabra o Sr. Pita Carballeira manifestando que dentro de esa oferta pública creo que eses postos teñen que ser destinados a centros de atención primaria que a día de hoxe carecen de servizos como é o caso do Concello de Ares entón, teríamos que diferenzar eses postos para os Centros de Saúde e os postos de cubrir as necesidades dos PAC que son dúas cousas diferentes.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que esas prazas tamén van para iso, para os PAC e para primaria a maioría vai para iso, das 1461 prazas a maioría vai para iso por iso digo, que a maior parte dos problemas vanse a solventar por iso ímonos abster.

Sometida a votación a Moción en “Apoio ao conflito das traballadoras do PAC” presentada polo grupo Son de Ares, o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES, 3 BNG) e 3 abstencións (3 PP), acorda prestar a súa aprobación.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Hai unha moción presentada polo PSdeG-PSOE “Moción relativa á Petición Inclusión Orzamentos Autonómicos 2019, Actuacións Mellora Abastecemento en Ares”



Dáse conta da moción presentada polo grupo PSdeG-PSOE "Moción relativa á Petición Inclusión Orzamentos Autonómicos 2019, Actuacións Mellora Abastecemento en Ares" do seguinte teor literal;

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE de Ares, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta **MOCIÓN** relativa á **"PETICIÓN INCLUSIÓN ORZAMENTOS AUTONÓMICOS 2019 ACTUACIÓNS MELLORA ABASTECIMENTO EN ARES"**,

con base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O abastecemento da zona dáse principalmente a través da condución principalmente de fundición dúctil que entra en Ares cun diámetro de 200 mm. desde os depósitos de Cataboais situados no Concello de Ferrol. Esta tubería arterial, que inicialmente abastecía aos municipios de Mugarodos e Ares, dedica actualmente gran parte da súa capacidade ao Concello de Ares, con conexións intermedias en O Seixo e Franza, entre outros.

Segundo os datos de consumo de auga potable aportados pola empresa xestora dos depósitos da auga de Cataboais, o caudal destas conexións intermedias é importante en relación ao consumido polo Concello de Ares.

Ademais, conécese a existencia dunha tubaxe de fundición de 150 mm de diámetro instalada desde o Seixo ata Ares, actualmente sin servizo.

O aumento da demanda de auga potable esixida por Ares, dado o incremento demográfico, especialmente nos meses estivais, segue presentando graves deficiencias con cortes e presións insuficientes, problemas que van en aumento, chegando neste verán a darse unha situación de colapso do servizo.

Unha vez solventados os problemas de abastecemento por parte da administración municipal na parroquia de Cervás, tras executarse recentemente un depósito de regulación a través de bombeo que recibe caudal da liña de condución principal procedente de Ferrol, e a execución de infraestruturas na parroquia de Caamouco dotando de grupos de presión con altitude suficiente para dar un correcto servizo no suministro de auga, a problemática na actualidade reside na zona urbana, xa sea por falta de caudal ou por presión insuficiente para vivencias e pisos máis elevados.

Os depósitos localizados en Os Catros atópanse _actualmente sen uso por falta de capacidade e presión, e as abundantes tuberías de fibrocemento que abastecen o núcleo urbano, cuxas características non permiten presións elevadas.



As previsións para os próximos anos esperan unha consolidación na chegada de turistas, así como na adquisición e aluguer de vivencias, incrementándose os consumos de auga e, polo tanto, agravándose o problema no servizo.

Dada a situación, o Concello de Ares redacta a memoria valorada das obras "CONEXIÓNS NAS TUBERÍAS XERAIS DE ALIMENTACIÓN DE AUGA POTABLE DESDE OS DEPÓSITOS DE CATABOIS", por un importe de 136.619,81 €, así como a "ADECUACIÓN E MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO DESDE OS DEPÓSITOS DOS CASTROS", por un importe de 351.823,51 €, que inclúen ACTUACIÓNS NECESARIAS E URXENTES PARA A MELLORA DO SUBMINISTRO ó CONCELLO DE ARES, que se concretan en:

- Desconexión das conexións intermedias que redundaría nunha mellora do caudal/presión para dar servizo aos veciños.
- Ampliar a tubaxe de fundición existente en O Seixo realizando a conexión coa arteria antiga que suporía unha maiorización da sección de entrada do caudal en Ares, repercutindo nunha mellora do servizo.
- Poñer en funcionamento os depósitos de Os Castros, permitindo adecuar a rede existente de tuberías e dotalas da presión e caudal suficientes para dar un servizo adecuado incluso nas tempadas de máximo consumo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Ares, propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

RESPALDO DO PLENO DO CONCELLO DE ARES Á PETICIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE INCLÚA ESTAS ACTUACIÓNS NOS ORZAMENTOS 2019, DOTANDO DE PARTIDA SUFICIENTE PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "CONEXIÓNS NAS TUBERÍAS XERAIS DE ALIMENTACIÓN DE AUGA POTABLE DESDE OS DEPÓSITOS DE CATABOIS", POR IMPORTE DE 136.619,81 €, ASÍ COMO A "ADECUACIÓN E MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO DESDE OS DEPÓSITOS DOS CASTROS", POR UN IMPORTE DE 351.823,51 €, QUE PERMITAN POÑER SOLUCIÓN ÁS GRAVES DEFICIENCIAS NO SERVIZO DE ABASTECIMENTO CON CONTINUOS CORTES E PRESIÓNS INSUFICIENTES NO SUBMINISTRO DE AUGA DO CONCELLO DE ARES.

Asdo. Olimpia Marcos García

Voceira do Grupo Municipal do PSOE de Ares

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que esta moción preséntase pola vía de urxencia porque vaise a empezar co debate dos orzamentos autonómicos e efectivamente presentase unha moción en sede parlamentaria para incluír estas obras con cargo aos



orzamentos de Auga de Galicia. Non é que sexa loxicamente unha pretensión inamovible isto pódese incluír de moitas maneiras pero nós nese sentido pedimos que efectivamente pagamos o canon de auga e tamén está para financiar infraestruturas hidrográficas e nese sentido para resolver o problema do auga que temos no verán hai que meter máis caudal e ademais de metelo almacénalo para que entre en apoio nos momentos máis complicados que é nas horas punta, entón para resolver o problema do caudal pedimos que dado que Mugardos ten unha tubaría independente que lles abastece pedimos que Franza e Mugardos estean conectados a esta tubaría liberando así o caudal de Ares todo para Ares, dado que Mugardos ten unha tubaría independente. A primeira obra que é a de 136000€ é para as conexións nas tubarías xerais de alimentación de auga potable dende os depósitos de Catabois, loxicamente o que pedimos nesa obra é que a tubaría de Ares quede só para Ares e que na tubaría de Mugardos conecten o Seixo e Franza o que implica desconectar o Seixo e Franza da de Ares. A desconexión é importante porque o consumo do Seixo e Franza no verán é considerable é o 40% do caudal da tubaría o resto do ano non, pero cando a nós nos fai máis falta o auga o Seixo e Franza nos detraen o 40% do caudal entón que o detraían a tubaría de Mugardos que ten máis diámetro, a tubaría de Mugardos é de 300 e a de Ares é de 200, aínda encima de ter a de Mugardos unha tubaría con máis diámetro e ten máis auga pois resulta que Franza, non falo de toda Franza cando falo de Franza falo de Franza de Abaixo ou de arriba.

Intervén a Sra. Seijas Díaz aclarando que é Franza de de Abaixo que é o que está conectado.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que o problema é o Seixo.

Intervén novamente a Sra. Seijas Díaz dicindo que é o que máis consume.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que si que é o que máis consume, entón que o conecten a Mugardos. Unha vez que consigamos que en Ares entre el 100% e conseguimos a desconexión do Seixo e esa zona de Franza pois ese abastecemento entraría pola estrada de Franza sería un abastecemento de caudal a maiores porque recuperaríamos a tubaría antiga e iso iría directamente aos Castros por onde sempre entrou, encheríamos os depósitos dos Castros e cando houbera problemas de caudal os depósitos dos Castros entrarían en funcionamento porque encheríanse pola noite e estarían cheos durante o día, entón cando se detectara un problema de caudal teríamos auga almacenada. O mesmo sucedería si houbera unha avaría, si houbera unha avaría en calquera punto Ares non quedaría sen auga ata arranxar a avaría porque tiraríamos dos depósitos, teríamos auga almacenada neses depósitos que sería o segundo proxecto "Adecuación e Mellora na Rede de Abastecemento desde os Depósitos dos Castros" son partidas que proponse que se inclúan no orzamento autonómico pero loxicamente con toda a flexibilidade do mundo efectivamente cando lle presten atención a isto pondríamos a falar e efectivamente pondríamos o 20% de isto non vamos a negar unha aportación a estas obras pero ben, en principio pedimos que se inclúan nos orzamentos autonómicos por parte do goberno de Galicia porque efectivamente son melloras na rede de abastecemento dende fora o auga ven de Ferrol entón, efectivamente que nos de caudal e que nos permita tamén almacenar.

Isto levouse a Augas de Galicia en agosto cesaron a Conselleira Dña. Beatriz Mato nomearon unha nova infraestrutura e agora Augas de Galicia depende doutra consellería depende da Consellería do Sr. Vázquez acaban de nomear unha nova Presidenta e efectivamente con desculpas aceptables dos cambios estou en contacto



con eles, cambiou de conselleira e eu comprendo que non puideron dar unha resposta rápida, pero si falamos con Dña. Beatriz Mato no seu día que estaba todo falado, pero cambiou. O día da inauguración do Centro de Saúde falei con o Sr. Feijoo e tampouco se negou dixo que se podía falar ca deputación e co concello e pagalo entre os tres e xa está, pero pasan os meses e non hai resposta con eses cambios entón para que non se esquezan decidimos meter unha moción para que se teña presente e para cando sexa o debate o parlamento recorden isto e aí loxicamente o goberno autonómico fará unha contraproposta a moción a presenta o grupo socialista e a alternativa e vota en contra pero eu non creo que a voten en contra cando a Sra. Beatriz Mato dixo que non había problema e o Sr. Feijoo tamén dixo que non había problema pero si ao mellor dirán non imos a pagar todo e non pasa nada transaccionase no parlamento, os parlamentarios do grupo socialista no parlamento saben que isto non é inamovible que isto negociase e que o concello pon o 20% para as obras da deputación pois si hai que poñer para isto tamén, pero ben para forzar un pouco este debate que eles tamén ante esta situación fagan esta contraproposta que levamos esperando dende agosto e que dado a todos eses cambios a presidenta dixo espera o miro, dixo a semana pasada pero é certo que o debate sobres os orzamentos é o que hai de momento non meteron nada, nin meteron todo nin un 10 ela di que foi por culpa dos cambios pero ben, a moción está aí intenta pedir axuda para resolver o problema do verán temos os proxectos é certo que a moción é de máximos pero é certo que as mocións négóciase e esperar unha contraoferta do goberno autonómico imos a enriquecela coa aportación da deputación o Presidente Feijoo dixo que non tiña ningún problema para executar estas obras a tres e dicir, poñendo cartos a Xunta, Deputación e o Concello pero eu non vou a presentar unha moción neses termos porque a competencia é de Augas de Galicia isto é supramunicipal o auga nos ven de fóra e que é supramunicipal e competencia da Xunta. É certo que a Xunta sabe a posición da Deputación quere axudar e tamén estaría disposta a poñer cartos pero digo que isto é un debate que cando se abra esperemos que o voceiro do PP chame ao voceiros do PSG-PSOE presentachedes unha moción que di que paguemos todo si pero hai estas posibilidades pero de momento pedimos o apoio do pleno a esta moción para abrir o debate sen pretensións, abrir o debate para solucionar o problema do auga no verán que cada ano é mais grave.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que cando chegamos ao goberno no 2007 dende Augas de Galicia prometeron que este problema se arranxaba dando un abastecemento novo a Mugardos, porque antes de este abastecementos bebíamos Ares e Mugardos ben pois esperamos o arranxo e se fixo, iso permitiu que durante un tempo non tivemos problemas de auga en Ares pero este ano púxose de manifesto que nin ese arranxou e dicir que poñemos abastecemento a Mugardos independente e só penso se non o chegan a facer, si aínda seguirmos Ares e Mugardos bebendo do mesmo tubo, é certo que Mugardos tivo máis capacidade de presión que Ares porque ten industrias que demandaban un gran consumo de auga Forestal, Reganosa son os que realmente complicaban o abastecemento porque cando industria necesita auga Mugardos abre unha aceleradora e deixábanos sen auga e dicir, priorizou o consumo industrial sobre o humano iso resolvíámolo porque a Mugardos puxéronlle un abastecemento novo pero durou o que durou, entón agora pedímoslle que por favor metan o Seixo e Franza no abastecemento de Mugardos que en verán detráenos o 40% con iso en Ares entra un 40% máis e ademais recuperando os depósitos dos Castros almacenamos pola noite esta é a solución técnica e isto é o que vale pero efectivamente xa digo, estamos esperando unha resposta da Xunta houbo cambios, hai un compromiso de Feijoo e de Valentín pero está ben abrir o debate con esta moción



no Parlamento porque eu creo que é onde se vai a transaccionar, e esta é a finalidade pola que pedimos o apoio do pleno loxicamente para esta moción, pero xa digo, abertos a situación que hai agora, ninguén dixo que non todos din que si pero non se avanza, e a realidade é que os cambios que houbo no goberno isto estaba falado con Roberto, Roberto ía a dicir que si e cesárono e setembro, Roberto chamoume e díxome Beatriz Mato vai para Alcaldesa da Coruña e a min cesáronme entón eu non podo dicir que si, chamo a nova e que esta aterrizando que lle de tempo para velo e esta é a realidade. Esta é a razón da urxencia da moción, ou cae o verán enriba.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervención para fixar posicións sobre a urxencia, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que votaremos a favor da urxencia non porque consideremos urxencia que logo o explicaremos, senón porque hai a posibilidade de abrir un debate e nos sempre votaremos a favor das urxencias das mocións porque iso implica que vaise debater e vaise a votar.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que van a votar a favor da urxencia.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello por 13 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES, 3 BNG, 3 PP), o que supón a unanimidade da Corporación acorda ratifica-lo carácter urxente do asunto.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que agora imos a someter a votación a moción que todos coñecen que intenta solventar un problema de caudal quitando dos caudais locais para outra tubaría que ademais e do seu concello, se fixeron unha e máis grande que colguen todo Mugardos dela e logo aproveitar esa caudal que ademais é circulante cando se abren todos os grifos posiblemente pódese esgotar non de todo, pero si cae presión recuperar eses depósitos que neste momentos non entra presión e así temos auga acumulado, ese é o petitum en consecuencia fixamos unha quenda de intervencións sobre o petitum.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e manifestando que para nós é unha grande sorpresa encontrarnos con esta moción, primeiro de todo porque fai referencia a unha petición aos orzamentos da Xunta que vanse a debater estes días cando hai dez días que rematou o prazo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que xa está presentada, nós presentámola en prazo por iso pedimos na moción que se apoie.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que si que a presentachedes en prazo a través do grupo parlamentario e o que ben aquí debería ser previo a apoiala porque senón vai chegar tarde. A seguinte cuestión e que aquí tráese unha moción para que nós a apoiemos está a dicir que hai uns proxectos para unha solución que supoño que entenderá o grupo de goberno que será a solución pero volvemos ao que dicimos



moitas veces para que serven as comisións informativas senón son para informar e poder participar nos debates, nós eses proxectos non os temos non os vimos entón nós non sabemos ata que punto esa é unha solución e ademais o que aquí se pide é unha solución moi concreta que xa está pedindo como se ten que facer a obra e nos non temos nin coñecemento técnico ao respecto disto, gustaríanos que se nos pasase o que son os proxectos que se xustificase que tecnicamente esa é a mellor solución sobre todo porque o tema dos depósitos dos Castros polo que temos entendido non vai a ser tan sinxelo polo tempo que levan parados e todo iso. Teño que dicir polo tanto, que hai unha cuestión técnica da cal non temos coñecemento e que a nós nos gustaría ter coñecemento, a moción sabemos que a presentou o grupo parlamentario e non entendemos porque se quere apoiar desde aquí, entendese que o grupo parlamentario xa o presenta porque é unha proposta que saíu de Ares do grupo socialista polo tanto, a espera doutras respostas ímonos a reservar o voto para o final.

Remata o Sr. Mesías Farías a primeira intervención.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o BNG non consulta as súas mocións con ninguén, non consulta os seus petítum con ninguén, moitas mocións que presenta o BNG non as consulta con ninguén son políticas do partido, son partidistas son reivindicacións que abandearan os vosos representantes autonómicos, os vosos representantes nas institucións xente do BNG entón esa dinámica que vosoutros propicias non sei porque a negades aos demais en consecuencia, esta é unha moción do grupo socialista porque o goberno de Ares a hora de trasladar esta sensibilidade tiña dous vías ou o grupo socialista ou a marea porque efectivamente NAL que é o terceiro partido non ten representantes autonómicos, pareceunos oportuno que fora o partido q leva esa responsabilidade no goberno o tema do auga o leva unha concellaría do partido socialista e pareceunos oportuno así como marea presenta outras actuacións a través doutra petición do concelleiro que ten aquí no concello entón ben, falamos co partido socialista para presentar a moción porque houbo cambios, o tiñamos pechado con Roberto a Roberto o cambian a nova pide tempo entón ben, como non damos pechado o tema non por culpa de ninguén senón por unha situación e tamén nos prexudica pois dixemos mira ao final todos por todo e a casa sen varrer ao final Roberto xa non está, Beatriz Mato xa non está os que hai son novos pois mira imos presentar unha moción e imos falar co noso grupo parlamentario e presentouna hai mocións de grupos descabelladas que non as aceptan por moito que un grupo municipal do Alcalde diga tes que meter isto o grupo parlamentario di iso non se pode pedir, entón a espera de si a admitían pois a admitiron a semana pasada pechou o prazo de presentación e a admitiron, pois unha vez que está admitida e que se vai a debater porque antes non o sabíamos pois no seguinte pleno pedimos o apoio para unha moción que foi admitida e que non podemos pedir o apoio previo para unha moción que non sabíamos si se ía a admitir ou non, porque xa sería o colmo vir ao pleno a pedir o apoio e que despois me digan que non a admiten pois non, as cousas se falan e unha vez que está aceptada e admitida pedimos o apoio para unha moción que vaise a debater no parlamento que non a imos a pedir antes si sabelo, esa é a razón, apelamos a nosa autonomía política do mesmo modo que os grupos non consultan as súas mocións con nós as vemos no pleno, sobre todo as urxencias pois nós tamén podemos facer o mesmo e neste caso concreto é así, ademais é urxente porque vaise a debater agora estivemos esperando e houbo cambios políticos que impediu que nos deran unha resposta si este ten o resolverá eu como alcalde con Roberto e con Beatriz Mato que xa me dixeron que si xa non viña pero e que esa xente xa non está, chamei a



Beatriz e di que fale ca nova entón este tema ven aquí porque non está resolto e pedimos axuda para que se resolva e nese sentido ese é o obxecto.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que esta moción chega como sempre tarde, o problema do auga témolo fai anos e vostede Sr. Alcalde non fixo nada por este tema non fixo absolutamente nada por este grave problema que ten Ares que lle levamos dicindo dende o noso grupo ano tras ano, cando rebenta o problema que este verán foi tremendo que non funcionaban as duchas da praia entón claro, aí temos o problema encima, pero a miña pregunta é ¿vostede se cree que con todo isto vai solucionar o problema de subministro de auga de Ares, cando temos tubarias obsoletas, si hai presión que lles pasará a esas tubarias? Eu creo que aí non está o problema, o problema si de abastecemento, pero o problema gordo son as tubarias, a reposición das tubarias que llo levamos dicindo anos pleno tras pleno, ¿cantas veces foi vostede a falar con Augas de Galicia? Gustaríame sabelo, leva anos indo con este problema pois non o sei, tampouco o sei, pero gustaríame sabelo.

Remata a Sra. Martínez Martínez a súa primeira intervención.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que foi a Augas de Galicia noventa veces, fun con este problema e sempre aceptei as solución que me deron e nunca planxei un conflito por ir, nunca abrín un enfrontamento político por este lado. A primeira vez que fun dixéronme que a solución de Mugardos era definitiva, “Julio porque te preocupas se agora Mugardos vai ter o seu abastecemento si ata agora desa tubaria bebía Ares e Mugardos coa nova tubaria vai beber só Ares, vai haber auga de sobras” e executaron a tubaria de Mugardos e xa non encendían a aceleradora que cando a incendian deixaban a Ares sen auga, eu esperei a iso fun no 2007 e tardaron e facer a tubaria en Mugardos ata o 2010, tres anos esperando pola tubaria de Mugardos e puxérona operativa no 2011 porque a obra era dende As Pías eu esperei ao que me dixo Augas de Galicia e cando lle puxeron a Mugardos esa tubaria mellorou a situación tiñan razón, xa Mugardos non collía auga da nosa tubaria entón a situación non estaba mal. Dende fai tres anos dende o 2015 volvamos a padecer a situación Ovidio o delegado territorial foi sempre o que pediu as entrevistas por min, “Ovidio necesito unha reunión con Augas de Galicia pois xa che pido eu a cita”, podes chamar ao delegado territorial que dende o 2015 cando tiñamos problemas volvía a estar enriba. É certo que dende o 2015 fomos falando deste tema pero non se puxo unha solución enriba da mesa sempre dixéronme que ían a desconectar sempre o mesmo, igual que antes quitaron a Mugardos agora ien a quitar o Seixo e Franza pero non o dan quitado, e sabes porque non o dan quitado, porque a nova alcaldesa de Mugardos non quere, quere ter toda a tubaria de Mugardos para eles e que o Seixo e Franza siga na nosa, dende o 2015 esa solución se ía a facer porque había un Alcalde do PP que a consentía, pero a ese alcalde votaran e teño que dicir que en Mugardos non atopo como solventar este problema e dicir eu non sei si Mugardos ten que consentir que se desconecte Franza ou o Seixo ou o pode facer directamente Augas de Galicia o que pasa é que as tubarias onde hai que facelo están en Mugardos entón, eu con Pilar que falei con ela vinte veces non dou pechado o tema co que xa co deste verán xa foi a leite xa dixen mira pois o sinto este é un tema supramunicipal Mugardos non da resposta colaborativa sobre este tema Fene a deu por exemplo, Fene deuna que nos permitiu coller auga na Malata por certo Fene a deu porque todo hai que decilo deuna Gumersindo costounos moitisimo sacalo adiante cando cambiou o goberno sendo o



Concelleiro un do PSOE costounos moitísimo e dicir é así, eu que queres que diga con Dus e con Gumersindo todo se fai se rien pero é así que lle imos a facer e con Juventivo e con Pilar non daba avanzado. A obra feita dende ano e pico sen meter auga porque aquaguest non abría o grifo porque o concelleiro non o mandaba ata que un día canseime saquei o tema na mancomunidade dixen que non podía ser que Emafesa tiña uns convenios e uns estatutos e que si Emafesa dálle o auga a Mugardos ou a Fene a prezo de convenio e non os da de alta na súa ordenanza porque Fene dame o alta dentro da súa ordenanza, e que a ordenanza fiscal do auga de Fene permite ter un usuario fora do seu concello, as ordenanzas fiscais terminan nas fronteiras como me aplican unha ordenanza e me consideran cliente, cmo Fene me considera a min cliente da súa rede de auga estando eu fora do seu concello e aplica unha ordenanza que só rexe dentro do seu concello, pois esa foi a solución que fixo Juventino iso o fixo o BNG pero eu quero o auga e a collo como a dan, e estou convencido de que a están dando mal e que así non se pode dar porque Ferrol dálle o auga a Fene, Mugardos e Neda e non lles aplican a ordenanza de Ferrol ten un contador e nos aplican o prezo do convenio do subministro intermunicipal, e cando Ferrol lle ten que dar a zonas de Narón Emafesa pon un contador e esa auga se lle cobra a Ferrol e se lle desconta directamente a Narón entón a min Fene tenme que poñer un contador na Malata esa auga descontarlle Ferrol a Fene e cobrarme a min Emafesa como o resto do auga de Fene iso é o que din os convenios e a lei pois non, deu de alta a Ares como un cliente aplícalle unha ordenanza que en Ares non rexe porque rexe no seu concello e puxo un contador e como consume corenta vivendas pon industrial e como a ordenanza aplica prezo en función do consumo cobra todas as facturas coa lectura dun único contador e por tanto como nos disparamos somos unha industria lles cobramos aos cidadáns auga doméstica e a Fene lle pagamos auga industrial pois foi o que fixo Juventino por certo, cando na mancomunidade saquei o tema viron a situación e quedaron en arranxalo problemón o votaron antes de que o arranxaran pero non hai problema, porque o novo Alcalde do PP o entende así e o estamos intentando arranxar entón efectivamente o Alto de Simou que podía ser outra fonte de abastecemento que nos axudara a resolver, igual que Fene nos axuda coa zona da Malata, Mugardos podíamos axudar con auga que caía con gravidade dende o alto de Simou pois non quere di que non, da largas e non hai forma de entenderse entón teño que ir a Augas de Galicia teño que ir a entidade supervisora que ten o poder e potestade sobre todos os axentes implicados que por nós mesmos non resolvemos o problema e esa é a situación e a loita e tes de testemuña a Emilio Rodeiro e ao Alcalde de Fene de que levo con este tema profundizando tres anos agora que pasa, que no ano 2018 entra no mercado de alugamento trescentos pisos, veu unha empresa que dedicouse a mercar pisos baleiros de promotoras que non os deron vendidos veu a Ares máis xente do normal e o problema acentuouse. En canto a solución técnica a pon Proyfe eu disto non teño nin idea, que diga Proyfe como arranxamos isto pois como a primeira vez si a primeira vez sacamos a Mugardos de túa tubaria pois agora hai que sacar ao Seixo e a Franza e non hai problema porque se conectan na de Mugardos, que pode facer iso Augas de Galicia pois entón primeira petición, sacar a Franza e sacar ao Seixo e que nos quiten o 40% que nos detraen seguinte solución, aí onde sacan a eses conectar a tubaria vella de Ares e bebes por dous sitios, bebes pola que entra pola Seaña e ademais a vella a que levou sempre a auga aos Castros que a anulastes a recuperamos e ese 40% que se lle quita ao Seixo entra por Franza e vai directamente aos Castros a zona mais alta do pobo.

Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntando pola presión.



Responde o Sr. Alcalde dicindo que a presión por onde entraba antes e dicir, antes entraba auga por aí, deixou de entrar por aí para entrar pola Seaña pois non é suficiente hai que meter máis auga. Nós temos unha tubaria de 200, Mugardos unha de 350 só para Mugardos e por Franza entra unha de 150 que foi pola que sempre entrou, entón si recuperamos a de 150 pasamos a ter unha de 350 como Mugardos entón aspiramos a ter entres dous tubarias o mesmo diámetro que Mugardos, con esta auga de 150 encho os depósitos dos Castros que cando hai problemas entrarían en funcionamento e dicir, viciarían o auga de reforzo iso o que me din enxeñeiros que foron a universidade e estudaron que eu estudie dereito que nos da esta solución enriba da mesa, dinme Alcalde isto solucionaríase o problema dinme os enxeñeiros entón eu lles digo facédeo o mais barato posible e me din recuperar a tubaria que entra por Catabois poñela en funcionamento con esas desconexións son 136000€ e recuperar os depósitos dos Castros, facelos operativos, meter as novas tubarias porque as que hai son de fibrocemento isto o arranxan para que funcionen ben, pois dinme que son 350000 falo ca Deputación din que eles pon 1/3 falo co Presidente di que pon 1/3 falo co Secretario pois nós tamén podemos poñer 1/3 e todo isto vaise abaixo porque quitan a Beatriz Mato, quitan a Roberto, meten a outra e me di que ten que poñerse ao día e fago lles monto un cristo, pois non, imos a presentar unha moción para forzar o debate a ver como o vedes e agora esta moción que presenta o grupo socialista pois digo vouna levar ao pleno a ver si así tamén podo dicir que apoia todo o mundo que non é unha cuestión partidista e nos dan a razón, a razón tamén e dicir isto tamén o apoia o BNG, PP isto é un tema de goberno isto é algo para o pobo ou os do PP non bebedes auga, ou non vos duchades.

Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntando cantos anos levamos falando deste tema.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que agora mesmo e dado a que non o puiden arranxar con Pilar porque Pilar podería arranxalo, desconecta Franza e o Seixo e pono na súa porque as tubarias están no seu concello e Augas de Galicia daríalle o permiso.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez preguntando que vai facer ca tubaria obsoleta que esta polo Porto, Rúa María.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que as tubarias xa eran de fibrocemento tanto con vosoutros como conmigo.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que si, que igualiño.

Intervén o Sr. Alcalde pregunta cantas cambiaron vostedes en oito anos.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que supón que moitas, non podo dicir cantas.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que igual que nos, pero en calquera caso Proyfe di que isto é posible porque é posible porque a xente cando lle das o abastecemento e lles entra moita presiónponse unha redutora para que non rebente, o auga de Cervás ven dunha zona moi alta e hai que poñer redutoras porque a presión e de gravidade pero para iso están os enxeñeiros Fina non imos a falar de redutores aquí e dicir, eu non teño nin idea per a min Proyfe dime que isto arranxa o problema entón hai que facer estas obras. A min sen ser enxeñeiro paréceme que arranxa o problema, digo teño 200



por aquí e agora métenme 150 máis, chúpame o Seixo 40 e agora quítamo e si hai problemas de avarías en Fene en vez de cortar o subministro tiramos dun depósito teño auga para dar o pobo porque fíxate, logo teríamos de abastecemento 200 que entran pola Seaña, 150 que entran por Franza máis 800 que tes nos Castros arranxa iso o problema, eu creo que si de maneira definitiva, pois non o sei, si Ares segue crescendo non o sei o que si sei e que temos un problema, fomos poñéndolle parches e cando desdobraron Mugar dos os do auga dixeron que ía ben todo, pois agora volvamos a ter o problema, hai que quitar o Seixo e Franza e aínda encima podemos meter auga en Ares a uns depósitos pois intentémolo, si din só vos facemos a primeira obra porque cremos que co Seixo arranxamos o dos depósitos non é necesario pois vale, non é necesario para iso son Augas de Galicia suponse que son os que máis saben de auga.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que co superhabit temos cartos para os depósitos en último caso.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero como lle pagan obras aos demais concellos eu tamén quero que as paguen e como os demais concellos tamén pódese levar a colaboración de 1/3 porque eu vexo convenios todos os días de Augas de Galicia que axuda a outros pobos, pois tamén quero que me axude a min, teño o mesmo dereito que Pontedeume ao que lle están a facer abastecementos e saneamentos novos porque como pasa por Cabañas e Cabañas e do PP se aproveitan como eu aproveiteime da estrada de Mugar dos ou que te crees que a estrada de Mugar dos conseguíuna eu non a conseguí Deus ben, pois os abastecementos e saneamentos de Pontedeume que os conseguí Cabañas pero fainos.

Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntando ti estiveches pendente de este tema dende o ano 2015 pedindo, non Julio non.

Responde o Sr. Alcalde todo o tempo, en todo o caso o problema o tivemos no 2018 acentuado.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que o problema o temos dende antes do 2015.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que é certo que estamos ante un tema que vostede dixo, “o tema ven aquí porque non está resolto”, nós dubidamos que esta moción aínda que se aprobe aquí resolva o tema, é unha cuestión que vai a depender da Xunta. Decía antes que o prazo venceu fai dez días e vostede di que esta moción xa a presentou o grupo parlamentario, pero a continuación di vostede que o tema o trae aquí para que non sexa partidista, vostede dixo iso.

Responde o Sr. Alcalde dicindo non sei si dixen iso pero esa literalidade, eu trouxen o tema aquí para ter un apoio constitucional total, se non é posible o defenderá o grupo socialista no Parlamento Galego e o defenderá este goberno de onde poda. Eu coa vosa axuda o sen vosa axuda vou a seguir con isto igual, votedes a favor ou en contra vou seguir pedindo estes proxectos aparte, como teño copia doutros proxectos que Augas de Galicia lle fixo a outros concellos co financiamento ao 100% en moitos casos,



concellos que non pagan o auga os veciños e que polo tanto non pagan o canon de auga, eu vou a seguir con isto canto máis resistencia a miña presión seguirá aumentando de momento estou no plano institucional e dialogando, que chega o momento de encher autobuses, pois terei que encher autobuses é así , isto todo está no plano institucional e eu non lle plantexo problemas a ninguén de momento teño boas intencións, pero está claro que non imos a pagar perdoa pola interrupción Emilio pero é así, lle das o apoio ben non o dades tamén eu vou a seguir igual.

Continúa o Sr, Mesías Farías dicindo que vostede acaba de dicir que o trae aquí para un apoio institucional. Volvo a dicir o que dicía antes, efectivamente vostede ten os proxectos os proxectos non nolos fixo chegar a nós e hai varias cousas que citou vostede na intervención que merecen unha reflexión. A primeira é que estamos a menos dun ano para as eleccións municipais por iso non creo que vostede vaia ao Concello de Fene e ao Concello de Mugardos a facer campaña por Gumersindo e mais por Deus non, o tema que plantexa ao respecto de que non é posible chegar a un acordo coa Alcaldesa de Mugardos e por iso vostede dixo antes que esta moción no grupo parlamentario galego podía presentarse a través do PSG-PSOE e non a través de Marea porque era a área que levaba este tema ben, pois vostedes teñen unha persoa Son de Ares que nesa coalición Marea-EU e polo tanto Pilar está tamén en EU igual o seu membro de goberno podería negociar coa Alcaldesa de Mugardos para esa solución que vostede apunta, vostede di que é imposible chegar a un acordo con ela e polo tanto a min plantexame unha dúbida, esta moción é unha moción moi concreta que o que pide non é unha xeneralidade senón que o que pide é unhas medidas completas ao respecto do que se ten que facer do cal xa lle dixo a vostede Pilar que non, que iso nada de nada ben cando digo Pilar digo a Alcaldesa de Mugardos.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que o que lle parece é que estase extralimitando que o único que di é que as desconexións son en Mugardos e Mugardos non as fai, e polo Alto de Simou podía dar subministro en non nos da é o que hai, pero tamén é certo que non lle corresponde a ela resolver ese problema, correspóndelle a Augas de Galicia porque é a que ten competencia sobre este tema darlle auga ao Concello de Ares, Mugardos non ten ningunha competencia nin nos ten que resolver nada podería axudar, pero é certo que non nos axuda entón non lle corresponde a ela nada, correspóndelle a Augas de Galicia e esa é a realidade entón enturbar non ten sentido senón queredes apoiar isto non a apoiades e punto pero non desvirtúe.

Continúa o Sr. Mesías Farias dicindo Sr. Alcalde é a segunda vez que me interrompe.+
Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, porque é o único que está desnaturalizando o debate.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que é a terceira vez que lle interrompe, cando vostede como Presidente do pleno ten unha última intervención para péchalo polo tanto vexo que non é necesario.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que niso ten razón.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que o único que estou facendo é referencia das súas propias declaración

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, fai interpretacións das miñas declaración e como as interpretas ti e non estamos no debate da moción.



Continúa o Sr. Mesías dicindo que estamos no debate da moción e no debate da moción contestase as intervencións dos outros.

O Sr. Alcalde pide desculpas polas interrupcións.

Continúa o Sr. Mesías Farías vostede dixo literalmente que unha das opcións sería sacar auga, que Mugardos sacase esa auga do Seixo e de Franza e que non o queren facer que non sería mala solución, pois vostede dixo literalmente iso que Pilar non quería.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o que ten que facelo e Augas de Galicia é o que quixen dicir, non quixen dicir iso.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que si non foi o que quixo dicir.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, correspóndelle a Augas de Galicia.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que vale, que non corrixa a miña intervención.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que corrixo a súa interpretación.

Intervén a Sra. Barrón Ferro dicindo centrémonos no debate

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é insoportable fisicamente é insoportable a situación, estouche dicindo que non dixen iso interprétasme como un Dios soberano non saberei eu o que quixen dicir.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que cando teña a gravación darase conta do que dixo. En outro tema vostede saíuse do tema central ao respecto de cal foi a actuación do Concello de Fene ao respecto da Malata, pero que eu recorde cando veu aquí o tema Malata precisamente o BNG foi o que se negou a iso nós dicíamos que os abonados de Ares non tiñan que depender dunha taxa do Concello de Fene porque non son Fene e que nós fomos os que dixemos que non lle podía afectar aos veciños.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non lles afecta para nada.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que si que lles afecta.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o que dixen aquí foi que collín o auga como a deron porque a daban doutro forma punto pelota por certo, coa colaboración do BNG nula e aínda queriades que fora peor e non a daban ata que a mancomunidade púxolle as pilas esa é a realidade é así.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías preguntado si pode seguir.

Responde o Sr. Alcalde dicindo barbaridades gustárame que non, si as queres seguir dicindo as dis.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que é moi fácil, vostede e o Presidente deste pleno, vostede ten dereito a falar cando queira pero non ten dereito a interromper as



intervencións da oposición, vostede o ten súper sinxelo cando remate de falar explállese vostede en explicar o que non dixo e en desmentir o que nós interpretamos, por favor un pouco de respecto non se poña nervioso.

O Sr. Alcalde manifesta que lle importa un ovo que a xente de Ares teña auga o non.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que ante a falta de respecto teñen que abandonar o pleno.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que lle parece ben.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que xa estará contento.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que nin contento, nin descontento.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que xa é a sétima vez que lle interrompe.+

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si lle pregunta si está contento.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo vostede leva o debate a outro lado.

Reponde o Sr. Alcalde dicindo que a onde o levas ti.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo vostede en vez de ir cara a a democracia, vai hacia atrás.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que cara a a súa democracia eu non trago con rodas de muiño, isto é un tema que afecta ao pobo é estrutural e ti fas oposición e política ata cas miserias e necesidades da xente é así, este é un tema moi claro, é auga para o pobo e mira a de onde estás a lévalo ti ao Alcalde ao Alcalde e si é certo que o que buscas eu sempre digo os que me buscan encóntranme e xa está.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non dixo que non ían a aprobar a moción.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non quere debater a moción, non sei o que ides a facer por aínda non o dixeches, porque a ti o que te interesa e centrar os debates no Alcalde e como xa che coñezo fun ao trapo, porque é a única forma de poñer enriba da mesa a túa estratexia, sempre o Alcalde, o que fai o Alcalde o que di o Alcalde as interpretacións das conversacións do Alcalde cando non teño nin porque explicalas aquí o fago por transparencia dío o de Deus por transparencia por dicir as cousas como son e ti as retorces, meter o dedo cando o fondo e auga para o pobo, entón como ti segues esa estratexia eu a xogo, a xogo perfectamente e a única maneira de poñela en evidencia dicindo o que digo e facendo o que fago e cando ti non queiras dicir o que digo e facer o que fago ao mellor cambio e debatemos os fondos.

Continúa o Sr. Mesías Farías preguntando si pode continuar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, por favor.

Continúa o Sr. Mesías Farías manifesta que non está a desviar ningún tema que estou no debate, estou contestando ao que vostede dixo precisamente, entón o tema que



vemos aquí é a problemática de concretar a obra polo que antes dixemos porque hai un grupo de goberno en Mugardos de determinado partido que igual non lle gusta esta proposta, esta solución concreta é posible que o seu grupo no parlamento galego non aprobe esta proposta porque ela considera que vai en contra dos seus intereses. Outro tema que gustaríame plantexar aquí, xa quedou claro que esta é unha moción partidista a pesar de que se quere trasladar a historia de que o que se trata sexa de todos, volvemos a criticar a historia de que vostede ten os proxectos pero no os explicou por iso está o tema da transparencia nas comisións informativas e entón nós entendemos que este tema si que é urxente de solucionar, é urxente porque xa se tiña que ter solucionado fai moitos anos, entón nós estamos de acordo co fondo desta moción polo tanto o único que non vemos é a concreción aparte de que non entendemos o tema de non informarnos antes coas solucións técnicas ao respecto da titulación eu tamén digo que hai moitos de Harvard que cometen moitas barbaridades entón, paréceme ben que teñan os coñecementos e supoño que será a opción técnica que tal, pero ben non imos a tomar iso que é como ten que ser entón nós o que queremos facer xa que estamos de acordo con esta cuestión e propoñer unha emenda, sacar as concrecións para que a apoiem todos os grupos para que ningún grupo se sinta prexudicado entón nós sacaríamos esas concrecións porque está a obra concretada e simplemente faríamos o que vostedes puxeran arriba ou sexa o que vostedes puxeron de actuacións necesarias e urxentes para mellora de subministro e abastecemento ao Concello de Ares, eu creo que con isto está máis que clarificado cal é o espírito da moción e despois aproveitando tamén.

Responde o Sr. Alcalde dicindo xúroche por Dios que non me decatei.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo estou rematando.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero cal sería a emenda.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que a emenda sería que no petitum completase primeiro punto, actuacións necesarias e urxentes para mellora de subministro e abastecemento ao Concello de Ares, con iso nós evitamos concretar e evitamos que outros se vexan prexudicados e despois aproveitando que isto vai ser para unha emenda que presentou un grupo no parlamento galego pois nós tamén queremos poñernos de acordo con vostedes, vostedes tamén presentaron outra emenda segundo ven na prensa de hoxe que a presentamos nós tamén que é a ampliación do CPI As Mirandas entón nós propoñemos engadir neste petitum engadir a partida para a ampliación do CPI e tamén para o Plan Director de Montefaro que foi a outra emenda que nós presentamos tamén como grupo parlamentario BNG.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde manifesta que pediría non mesturar os termos e si fanse mocions independentes pois que se fagan independentes pero dende o meu punto de vista as posicións políticas non son exactamente iguais entón efectivamente non sei como resolvelo. Renunciar a dous opcións técnicas que xa están feitas e dicir, todos apoiemos que se arranxe o problema do auga e urxente como se teña que apoiar e nós non imos a retirar o apoio a dous proxectos que levei eu a Santiago e que isto dinllo en man a Beatriz Mato, ao Presidente a Roberto e son os proxectos que están en Augas de Galicia e o que está alí, Augas de Galicia con moi bo criterio valora que os proxectos os paguemos nós son uns cartos que lles aforramos, si eu lles digo tes que arranxar o



problema do auga entre encargar o proxecto, sacar a concurso e entre que o adxudican pasa tempo a min Roberto e Beatriz Mato díxome que si levaba eu os proxectos acelerábanse as cousas polo menos o aforran logo nós os supervisamos claro e si hai algo mal hai que cambialo ou si hai que completalo, pero son uns cartos que se aforra Augas de Galicia primeiro, é tempo que aforramos porque os levamos feitos e dicir que invitoume a levar os proxectos foi Augas porque si tamén ten que facer os proxectos Augas de Galicia estamos enfatiados entón porque se levan os proxectos, porque é moito máis amable pedir sobre algo que xa pagaches ti para facilitar a xestión a Augas de Galicia, que lle levou a Augas de Galicia o proxecto definitivo da EDAR nós, si aínda encima teñen que facer eles o proxecto entón podemos aprobar dúas mocións, unha por unanimidade pedindo que se apoie o problema do auga e esta quen a quere votar porque eu non vou deixar ao meu grupo parlamentario así como non vou a apoiar o que eu lles fun a pedir entón, facemos unha declaración institucional en virtude da cal o concello lle pide a Augas de Galicia sensibilidade para acometer de maneira urxente as obras que sexan necesarias para resolver o problema que padecemos os veráns en Ares ao respecto do caudal que ven de Emafesa, porque si o problema fora en Ares o arranxabamos nós pero e que o auga ven de Ferrol e nos ven por un tubo que en verán non se amplía.

Continúa o Sr. Alcalde preguntando si facemos esa declaración institucional.

Todos os grupos responden que si.

O Pleno do Concello de Ares acorda pedirlle a Augas de Galicia actuacións urxentes para resolver a problemática.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr. Mesías Farías si a declaración institucional a fan nos termos que di el.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que nos termos que di a moción “Actuacións necesarias e urxentes para a mellora do subministro o Concello de Ares”

Intervén o Sra. Martínez Martínez dicindo que pediría que eses proxectos que tes lévensen a comisión, a comisión de obras que estame a dicir o meu compañeiro que non se levou.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que en canto os proxectos a dinámica é esta ti os levas pero logo eles os supervisan, modifican pero logo eles dinche o que tes que facer pero si ti non os levas eles teñen que consultalo e para eles iso é un marrón, esa é a razón pola que se levan os proxectos, por certo os proxectos van avalados pola enxeñería que fixo a obra da EDAR o proxecto da EDAR o fixo Proyfe entón o coñecemento que ten Proyfe da viabilidade que ten Ares no abastecemento e saneamento e moi profundo, utilizar ese valor engadido de coñecemento ten plans de todo, esa é a razón de ser non é outra, Proyfe traballou man a man con Augas de Galicia en todas as obras hidráulicas que se fixeron neste concello co PSOE, PP, BNG porque Proyfe leva vinte anos prestando asesoramento en materia de enxeñería.

O Sr. Alcalde somete a votación a declaración institucional.

Sometida a votación a declaración institucional “Actuacións necesarias e urxentes para a mellora do subministro do Concello de Ares” o Pleno do Concello por



unanimidade 13 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES, 3 BNG, 3 PP), acorda prestar a súa aprobación.

O Sr. Alcalde somete a votación a emenda específica do PSdeG-PSOE.

Interrompe a votación o Sr. Mesías Farías dicindo que eles o que entenderon foi, que na outra moción fixeron unha emenda.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que por separado para non mesturar temas.

O Sr. Alcalde pregunta si facemos unha declaración institucional do CPI. As Mirandas, non imos a xuntar unha cousa con outra que non ten nada que ver.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que como vexades.

Intervén novamente o Sr. Alcalde, a moción do PSdeG-PSOE é unha moción que aposta por dous proxectos específicos que non están na declaración institucional pero son os que eu levei, como non vou a apoialos.

O Sr. Alcalde somete a votación a moción do PSdeG-PSOE.

Sometida a votación a moción presentada polo PSdeG-PSOE relativa á “Petición inclusión Orzamentos Autonómicos 2019 Actuacións Mellora Abastecemento en Ares” o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES, 3 PP) e 3 abstencións (3 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que en consecuencia, queda aprobada unha declaración institucional xenérica onde pedimos axuda para resolver o problema e tamén queda aprobada salvo cos votos do BNG, unha moción específica que levou uns proxectos pero sen condicionar nada, que Augas de Galicia pode cambiar, pode modificar pero que Augas de Galicia sempre agradece que os leves. Púxose enriba da mesa o tema da escola, o tema da escola podemos discrepar todo o que queirades, pero a escola foron os primeiros protagonistas o titulares do negocio os que en primeiro momento non quixeron construír na zona do aparcamento e na pista que eran zonas urbanas e que poderían facer a ampliación fai moitos anos aí porque en iso non había que esperar foi unha decisión autónoma da comunidade educativa que nós respectamos, precisamente como eles deciden facer a ampliación arriba pois hai que espera ao plan, porque arriba cas normas subsidiarias é rústico, mentres que no aparcamento e a pista xa eran urbanos cas normas subsidiarias co que a ampliación podería estar feita xa, pero os protagonistas decidiron que como o querían arriba entón tivemos que esperar a aprobación do plan con todos os retrasos que iso implicou, pero non foi unha decisión política, nós non decidimos facelo arriba foi a comunidade educativa a que tomou a decisión que condicionounos a ter aprobado o plan e iso é a realidade entón, saben que esa é a realidade e que a comunidade educativa quere que se faga arriba ata que este aprobado o Plan non se pode facer, aínda así presentáronse mocións para que xa se prevea facelo porque a aprobación do plan podemos dicir sen mentir que está máis preto que nunca, nunca estivo tan preto a aprobación do plan como agora entón, en atención a esa próxima aprobación do plan presentamos mocións, ¿con esta liña argumentativa presentamos unha declaración institucional? Porque a min tamén paréceme unha perullada e así o fixemos saber que a ampliación non se pode facer sen a aprobación do Plan, simplemente decirlle que



ante a aprobación do plan prevean esa inversión e prevean esa ampliación total, si tomamos nós a decisión de asumir o que decidiu a comunidade educativa inxectando terreo necesario para todo, que fagan todo nos obligan a facer as expropiacións para facer logo o 10% que fagan todo, a nós nos dixeron que necesitaban tantos metros e tantos metros lles dimos, pois agora que fagan todo porque foi moi fácil decirnos que querían todo e agora resulta que non o van a facer, pois agora teñen que facelo entón a liña orientativa sería esta “en atención a inminente próxima aprobación do plan lle pida a consellería de educación a previsión suficiente e necesaria para ter en carteira a ampliación da escola”.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que tiña entendido que nos anteriores orzamentos xa ía destinado para o proxecto.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero que non o fixeron.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que non o fixeron porque non están dispoñibles os terreos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si que están dispoñibles os terreos.

Intervén novamente a Sra. Martínez Martínez preguntando si o plan deixa facer o proxecto.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o proxecto si.

Intervén o Sra. Martínez Martínez preguntando si o plan non deixa facer iso.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, que eles teñen os cartos para facer o proxecto faise en previsión de, teñen os terreos cedidos uns son de titularidade autonómica e saben a clasificación que ten no plan que é urbano en atención a iso podían facer o proxecto, non o fixeron teñen escusa aínda non se aprobou o plan por iso digo que cas liñas argumentativas para non forzar a ninguén porque non lle imos a esixir o que aínda non se pode facer; a ampliación aínda non se pode facer, por iso digo de aprobar unha declaración institucional pedindo e dicindo que ante a inminente próxima aprobación do plan que podan ir previndo a ampliación, non esixindo porque aínda non está aprobado o plan e dicir, trátase dunha declaración colaborativa quero dicir, sabemos que o plan non está aprobado pero ben como sabemos que vaise a aprobar no 2019 pois ter en conta a ampliación, pregunto si válevos esta declaración argumentativa.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando que a súa proposta era, unha partida para a ampliación da escola e listo, nós non lle podemos dicir a Xunta ante a inminente aprobación porque nos van a dicir ben, pois cando vostedes teñan a aprobación definitiva.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que tamén lle causa pudor decirlles que prevean unha partida cando sei que me poden contestar, aproba o plan esa é a realidade.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que era o que estaba dicindo.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que foron as propostas que presentamos.



Responde o Sr. Alcalde dicindo que as propostas que presentamos non lle pedimos permiso ao PP, aquí o que intentamos e sacar unha proposta con eles por iso non pode ser como as propostas que presentamos, eu sei que vostedes e nós presentamos unha moción pedindo a partida para a ampliación pero agora trátase dunha declaración institucional que pretendemos que o PP nos vote.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que é para o proxecto non para a ampliación.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é para a ampliación.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que como vai a ser para a ampliación se non temos o plan.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que eso foi o que fixo o PSdeG-PSOE non tes porque compartilo nós o fixemos, agora na declaración institucional na que pretendemos que nos apoies estamos dispostos a afinar eu non te vou a pedir que apoies a moción do PSdeG-PSOE e a do BNG pedindo a partida, eu entendote por eso digo que na declaración institucional que fagamos aquí digamos que ante esa previsión de que vaise a aprobar que teñan a precaución de preveer a partida esa é a moción que queremos sacar con vostedes non as nosas que xa sei que non as vas a apoiar porque non está o plan aprobado entón, a efectos da declaración institucional eu prefiro dar esa facilidade, ante a previsión a aprobación do plan porfavor ir preveendo a partida para a ampliación da escola si eso o podemos asumir todos sae como declaración institucional.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que igual a proposta que fixemos a acepta o PP a proposta é “partida para a ampliación do colexio” si o PP acepta xa está.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que o único é poñerlle ante a inminente aprobación do plan, porque senon vai a volver a ser o mesmo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que o tema é o seguinte mal pensado non son pero tonto tampouco, a min a petición que parece moi boa o da partida a ostia vouna levar eu, porque vanme a contestar que coño pides aproba o plan, el sae ganando porque deixa mal ao PP que di que non, e deixa ao Alcalde como un idiota poque pide unha ampliación que sabe que no se pode facer porque non teño aprobado o plan entón, efectivamente con esa sesibilidade para todos asumir iso e quedar omo idiotas e sin ir contra o seu goberno por eso pido que se matice porque o matiz a min impídeme quedar como un idiota.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non, porque o plan aprobouse no 2019, que a día 1 de xaneiro non este aprobado o plan, non quere dicir que a partida o que teña que meter a xunta sexa....

Intervén o Sr. Alcalde dicindo eu prefiro dicirle que sei a súa contestación para que non a den entón digo en previsión da aprobación pidolle a partida, si lle pido a partida sin previsión do plan vanme a dicir pero vostede é gilipollas, o que pasa es que politicamente vente moi ben deixame a min como un idiota e o seu goberno queda ben. Todos queremos a ampliación do colexio, a dirección do colexio tomou a decisión



de facelo nuns terreos que non son urbanos, que necesitan un plan, pois metimonos nunha faena, todos podemos sacar proveito político a ampliación pero que me veña agora cas presas un grupo político que voutou non ao plan, porque si estas a favor da ampliación do colexio vota a favor do plan, todos temos contestación para todo entón para ter cosas en común temos que votar pelillos a mar entón, digamos en previsión do plan que si non vannos contestar aproba o plan primeiro entonces dicimos, en previsión do plan queremos que a consellería mostre a disponibilidade cunha partida para facer a ampliación do colexio pero en atención a que imos a aprobar o plan porque senon a contestación vai ser non porque non tes o plan aprobado.

O Sr. Alcalde pregunta si están de acordo aos grupos.

O PP di que si.

O Sr. Alcalde dirixese ao Sr. Mesías Farías dicindo que así sumamos todos os grupos, eu a túa proposta non a podo apoiar.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que a súa proposta xa a presentaron a través do grupo parlamentario, isto é unha declaración institucional que vai noutra medida ou sexa que si, apoiámola

O Sr. Alcalde somete a votación a segunda declaración institucional nos seguintes termos “Que ante a previsible aprobación do plan ao longo do 2019, que xa se teña prevista a disponibilidade orzamentaria para acometer a ampliación do CPI As Mirandas no mesmo exercicio”

Sometida a votación a declaración institucional “Que ante a previsible aprobación do plan ao longo do 2019, que xa se teña prevista a disponibilidade orzamentaria para acometer a ampliación do colexio no mesmo exercicio” o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES, 3 BNG, 3 PP), acorda prestar a súa aprobación.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde pregunta aos grupos si teñen algún rogo e pregunta, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías formulando as seguintes preguntas:

- 1) Resolución 444/18 ao respecto de comunicación cesión patrimonial, gustaríanos que nos explicase este tema.
- 2) Resolución 446/18 é un tema moi recorrente nas nosas preguntas, pero non de este ano senón de moitos anos, durante moitos anos (que nós non o cremos), se nos estivo dicindo que a culpa de non poder a nome do concello o subministro da Casa do Patín non era cousa do concello, aínda así nós non entendemos como despois de tantos anos aínda non se cambiaron entón nós, queremos facer unha pregunta outra vez. Este tema de poñer a nome do concello o recibo da subministración eléctrica é un tema administrativo ou ten que ver cun tema estrutural ao respecto de instalación novas que hai que poñer un transformador, esa é a pregunta.



- 3) Previsión do PXOU, agora acaba de saír en que punto estamos do PXOU, sabemos que enviouse a información a Costas, sabemos que Costas fixo un informe e esperamos a que agora o Concello o equipo redactar terá que responder a ese escrito de Costas, queremos saber cal é a situación e o motivo de Costas, cal é a previsión do concello para a aprobación definitiva xa que entendemos que logo terá que mandarse a Xunta de Galiza.
- 4) Modificación da Estrada Ares-Chanteiro no último tramo da I Fase onde vai a rotonda na zona do Castro, entendemos que se lle notifica ao concello esa rotonda é para que xiren os buses para ir a Santa Cataliza pero a nós non nos consta en ningún lado que haxa un proxecto de abrir unha vía onde agora hai un camiño, de abrir unha vía ancha para que os buses suban a Santa Cataliza e non sabemos por onde vai esa vía si é que hai proxecto, porque igual é unha idea de esa rotonda e ademais poñer en evidencia outra vez que é unha cuestión que no plan non está aprobado definitivamente entón queríamos saber información ao respecto de este tema.

Remata o Sr. Mesías Farías.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez formulando as seguintes preguntas.

- 1) Con respecto a unha xunta de goberno do día 14/11/2018 fala da formalización dun convenio de adquisición da antiga casa reitoral anexa a igrexa de Chanteiro, nós non temos constancia dos compromisos adquiridos co propietario con respecto as anualidades do ano 2017, 2018 só temos constancia dun pago que por suposto non é unha anualidade, como vai a solucionar o problema.
- 2) Con respecto a resolución da alcaldía 446/18, como vai a solucionar o problema da Casa da Xuventude e como consecuencia destas facturas presentadas nos diferentes plenos.
- 3) No pleno do día 10 de setembro non nos contestou a unha pregunta, no anterior pleno tampouco entón volvo a reiterar a pregunta, na resolución da alcaldía 323/18 cal é o motivo e porque se xeraron as cantidade de débeda coa seguridade social que ascenden a 3913,73€.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para responder as preguntas formuladas polo BNG.

- 1) En canto a resolución 444/18, é unha cesión dunha casa en Chanteiro que herdou a Xunta de Galicia por herdanza dunha señora que non considerou a ben deixarlle a ninguén e en consecuencia as herdanzas vacantes acaban en mans da Administración Autonómica. Entón nós aí intentamos solventar un problema humano que xa o expliquei aquí vinte veces dun señor que quedaba na rúa que dixo que o seu divorcio se resolvería en breve e que no seu divorcio ien a atriuírle o uso dunha vivenda porque os seus fillos son maiores contou unha situación temporal, conxuntural en atención a esa situación temporal e conxuntural que se ían para a rúa buscamos unha situación conxuntural e agora o tío non se vai da casa e aproveite o clima antidesafiuzamentos e a solidariedade que a xente ten sobre ese tema e vaime forzar un desafiuzamento, e o titular do periódico sería un alcalde socialista desafiuzou a un home nestes tempos é o que esta a buscar e cando o intentei polas boas de que xa se tiña que ir que levaba cinco anos mercando coche, internet e non pagaba nin a luz que chamoume a Xunta de Galicia



preguntando polos cargos da señora falecida era a luz que segue domiciliada na conta corrente da persoa falecida no puxo nin a luz ao seu nome, cando intento arranxar a situación porque xa se sae do normal vai a radio a antidesafiuamento presentásenme aquí os de antidesafiuamentos dicindo que non podía desafiualo ben, un lío morrocotudo. Para resolvelo definitivamente que ata tería nese momento loxicamente o precario porque el non ten ningún dereito sobre a vivenda, ten un precario, unha autorización de uso condicionada a unha necesidade desaparecida a necesidade ou incluso porque é un precario por mero vontade do cedente tería que desaparecer e o único que ten pero como non saen voluntariamente o único é o desafiuamento, e méteme a min no fronte dun Alcalde socialista desafiuador, meteu a xente a vivir alí é unha situación complicada e polo menos para resolvela decirlle a xunta dame xa a cesión porque vou a ir a un deshaucio, e non quero arriesgar nun procedemento xudicial un deshaucio que vaia con abogado e que o xuíz me diga e que título tes ti para deshauciar, esto é da xunta, pois que desafiuce a xunta pois polo menos quitarlle o marrón a xunta e dicir dame a titularidade para ir eu e efectivamente a Xunta de Galicia a cede, agora xa podemos ir a un deshaucio coa seguridade de que non vai a poñer unha excepción por falta de legitimización porque eu dicía aínda encima este vai a utilizar a situación cando me meta nun desafiuo o tío vai dicir que ten que resolver a xunta entón, xenero eu o problema e digolle a xunta dame a min a titularidade para ir ao desafiuo e vostede que é, pois teño a titularidade do ben que cedeuna a xunta, entón quero desafiualo. Está é un pouco a situación, decirlle a xunta dame o título porque imos a ir a un xuício e este e capaz de dicir que que o ten que deshauciar é a xunta que é a propietaria pois esta é a razón de esta situación reforzala posición do concello como titular do ben para tomar medidas.

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando si iso implica que a titularidade da vivenda pasa a ser do concello.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que practicamente, eles nos fan unha cesión patrimonial e dicir, nolo cede como ben patrimonial é unha cesión entón é translativa do dominio entre administracións si, non é o mesmo que eu te ceda a ti, entre administracións como non fan especial fincapé a cesión patrimonial suponse que nos pasan a titularidade pero ben, polo menos nos dan un título que ampáranos de cara a un posible desafiuamento que vou a ter que comerme eu porque o que vai saír nos medios de comunicación vai ser o Alcalde socialista que desafiuce e eu vou a ter que explicar que este desafiuamento non é como outros porque estes desafiuamentos prodúcense por unha situación de abuso, o que era unha situación temporal estase convertendo nunha situación permanente.

Intervén a Sra. Seijas Díaz manifestando que avisou o grupo popular fai tempo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo e que fago o deixo na rúa naquel momento.

Intervén novamente a Sra. Seijas Díaz dicindo que naquel momento xa había un lío, había protestas dos veciños e xa paseaba en coche.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que naquel momento, como quedaba na rúa e dixo que nuns meses o ía a arranxar



Intervén a Sra. Seijas Díaz dicindo que si non hai para pan, non hai para estampiñas.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que xa, iso é o que todo o mundo vemos internet, coche, fotos en facebook de viaxes, iso é o que podemos ver todos e logo resulta que non pagaba nin a luz, é unha situación enfastiada pero é a situación que se vive.

- 2) En canto a Resolución 446/18, Fenosa esíxenos un transformador porque é así o concello novo é unha nova construción a casa da xuventude é unha nova construción supón efectivamente unha demanda de enerxía importante e había que poñer transformador, entón nesta zona non temos un transformador para cumprir cos requisitos e Fenosa sen transformador da luz provisionalmente como luz de obra, o concello ten luz de obra dende que se fixo porque non se puxo o transformador e a casa da xuventude ten luz de obra, Fenosa non normaliza senón poñemos un transformador o edificio que esta ao lado da praza tampouco ten o constructor tampouco lle puxo transformador entón, ten os mesmos problemas con Fenosa que nos, entón nos sentamos e decidimos pagar o transformador entre todos para que non houbera problema, comprouse o transformador, instalouse e agora xa cumprimos o requisito. A casa da xuventude o concello e ese edificio xa teñen o transformador que nesta zona como non se construíu ningún edificio novo non había ningún transformador do que tirar había que poñelo novo xa o arranxamos, que pasa que o de Fenosa esta de vacacións, foi de vacacións en agosto que é cando o tiña que arranxar e aínda esta sen dar de alta. Proximamente ese transformador que puxemos e vai a resolver o problema do concello, casa da xuventude e do edificio vaise solventar pero mentres o titular é o que fixo a obra esa é a realidade.
- 3) En canto o PXOM Costas pregunta sobre a comunicación do tramo que hai entre a praia do Xuncal e Seselle, nós resolvemos que a nosa aposta dende sempre e comunicar a praia do Xuncal con Seselle esa é a realidade e a solución e dicir a comunicación a través dun camiño paralelo a costa, Costas pregúntanos porque non unha solución perpendicular porque termina no acantilado, abrir liñas perpendiculares aos acantilados non ten sentido abrir unha vía perpendicular dende os chalets aparte de que esa zona é privada, abrir unha vía perpendicular por propiedades privadas iso é carísimo, mentres que unha vía paralela é por zona rústica porque a zona que pega a costa é rústica co que efectivamente, é moito máis atractivo unir Ares e Seselle cun paseo pola costa que non unilo e facer camiños perpendiculares a nada que fas, eles ven as escaleiras de D. Juan pero claro son privadas pois fainas pública, como para que maña se caia alguén por aí e teñamos que pagar, imos a expropiarlle a D. Juan o acceso entón, estamos nesa situación, estaba explicando un camiño paralelo a costa e non en perpendicular aos acantilados porque as propias escaleiras son un perigo, esa é a situación.

Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntando que si a solución que da Costas soamente e iso.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que non abre vías perpendiculares e lle contestamos que non que a nosa aposta é paralela non perpendicular estamos nesa situación explicativa, eles ven planos pero polos planos fáltanlles explicacións ven un acceso pero é privado e porque non o fas público cunha servidume porque non



é público é un perigo un camiño perpendicular a uns acantilados entón cal é a solución facer un camiño paralelo, un paseo pola costa Ares-Seselle.

- 4) En canto a estrada Ares-Chanteiro, esta obra e dunha institución na que o PSdeG-PSOE-BNG goberna, é unha obra dunha institución na que o PSdeG-PSOE gobernan tanto túa como miña si nos consideramos representados nese goberno na que os nosos partidos fan da deputación provincial. Esa rotonda ti entras en Chanteiro no que sería a zona urbana e non podes dar volta en ningún sitio, non hai esa facilidade iso é estreito, as rúas xa están pegadas e ti entras alí un autobús ten que dar volta na praia, non pode dar volta en ningún sitio hai que baixar ata a praia a forza e esa rotonda resolve esa situación e dicir, podes dar volta sen entrar en Chanteiro non tes que baixar a praia un autobús da a volta antes de entrar en Chanteiro senón ten que ir a Chanteiro un camión xa da a volta alí non ten que baixar ata a praia o cal é meter tráfico pesado en Chanteiro ben, pois estes madeiros, camións que non ten que ir a Chanteiro a nada polo menos teñen unha rotonda e non teñen que baixar a praia esa é a situación, e logo conecta cunha vía que pode chegar a Santa Catalina e que pode ser unha alternativa de futuro para chegar a Santa Catalina sen ter que ir por Mugardos xa cunha rotonda que permite o xiro e que se pode chegar a Santa Catalina en autobús. Que o acceso a Santa Catalina dependa dunha estrada que a metade é de defensa porque Mugardos no a asume, Mugardos segue sen ter a cesión da metade da estrada entón cando o concello de Ares quere arranxar a estrada para a que xa ten proxecto a teño que arranxar con defensa porque a parte que está en Mugardos, Mugardos non a ten cedida, non ten convenios con defensa de cesión. Mugardos non pode pedila nun POS, nin nunha axuda de Medio Rural porque non ten a dispoñibilidade dos terreos e eu cando pido arranxalo dinme que non se pode porque a estrada é toda eu digo, pero eu so teño cedido a metade e din pero a outra metade de que é de Defensa entón digo arránxoa eu pero esa metade non está no meu concello si toda estivera en Ares aínda que a metade fora de defensa eu lle pedía autorización a defensa pero é que Defensa aínda que me de autorización para facer a obra iso está en Mugardos, esa estrada non está no meu concello entón estas son as cousas de situación moi estreitas moi rixidas que non admiten marxe, os concellos delimitanse así, así e así entón eu para arranxar Santa Catalina teño que falar con Mugardos porque está en Mugardos pero Mugardos non ten a cesión co que como non teñen a dispoñibilidade dos terreos non poden arranxalo e así nos ten Mugardos ao que xa lle trasladamos vinte veces que Santa Catalina o arranxen pero non o dan arranxado, tendo en conta que o outro acceso non admite autobuses que é por Cervás que xa é imposible, nesa rotonda hai a previsión a posibilidade de facer un acceso para Santa Catalina viable. Cando a deputacion tivo a iniciativa un enxeñeiro veu e nos dixo que nos parecía e nos lle dixemos vale, a obra a pagades vos isto supón un incremento, que o paga a deputación pois perfecto poñen eles os cartos, pois parécenos unha mellora a obra non é nosa eles deciden propoñelo e nos lle dixemos que si porque creemos que é unha mellora, eles o fan eles o financian entón algo que nós tiñamos en carteira sáenos ben porque xa digo evita meter tráfico en Chanteiro e pode ser unha solución para un acceso digno para Santa Catalina.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que eles preguntaban por onde ía.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que aprobaran eles o proxecto, nin o trouxeron.



Intervéno Sr. Mesías Farías preguntando si hai un proxecto da continuación da obra.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, que foi aprobado no pleno da deputación nos non o temos.

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando si ata Santa Catalina.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que aprobaron só o da rotonda.

Toma a palabra novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que o da rotonda xa o sabe.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o camiño existe fisicamente pero que non se vai a arranxar.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non, que nesta proposta non se vai a arranxar pero a previsión continúa rumbo a Santa Catalina, ¿cal é o trazado o mesmo que o camiño que sae alí dentro?.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que hai que ver as titularidades e a dispoñibilidade é dos antigos e só ten tres metros en consecuencia o día que queira chegar a Santa Catalina haberá que ampliar con as propiedades colindantes co antigo que da directamente e que como todo hai que anhear si se quere facer algo decente había que anchealo, melloralo porque nós o temos rexistrado no catalogo como antigo e sabes que aí eran camiños de carro, entón máis de tres metros o xuíz non acepta que sexa público, tres metros non os discute porque son os tres metros do carro que cruza, pero cando queiras facer algo máis os propietarios colindantes van a dicir que é un serventío.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que o detalle é que ese é a continuación do Camiño Real sube por alí e estrañábame que puidese ir por aí.

Responde o Sr. Alcalde dicindo q este tema habería q enfocalo de maneira concreta e ver as posibilidades reais, pero digo que é un argumento máis para esa rotonda pero non é o único, o verdadeiro argumento e evitar que o tráfico de Chanteiro.

O Sr. Alcalde continúa respondendo as preguntas formuladas polo PP.

- 1) En relación ao convenio ca casa de Chanteiro, nós cando fixemos a previsión de mercar a casa de Chanteiro negociamos prazos, mercamos pero pagamos 50000€/ano que a deputación nos deu unha subvención e cambia todo entón que nos da a deputación o 80%, nós temos que poñer o 20% que coincide cun primeiro prazo de 50000€ ben 45000€ é igual, e xa consideramos o primeiro prazo como a aportación municipal e agora a deputación librounos os 180000€ restantes para pagar de golpe, co que a imos a adquirir pagando xa un prazo polo restante, xa non hai necesidade de pagar 50000€/ano. Que pasou, que o señor morreu entón agora ao levar a escritura a pública teñen que vir as fillas porque son os herdeiros, estaba prevista a sinatura agora pero o señor morreu en agosto ou en xullo e nós tiñamos que aprobar a que a deputación aprobara a subvención, mentres apróbanse na deputación os 180000€ que faltan o señor morreu entón agora tennos que vender a señora e as fillas representando a metade de gananciais do señor, de momento



están ca declaración de herdeiros do señor por iso aínda non puidemos mercala pero a idea é que cando teña todo iso lle damos os 180000€ que nos dá a deputación e acabouse porque xa temos os cartos, non é a mesma previsión que cando non o tiñamos.

- 2) En canto a resolución 446/18 é en relación a Casa do Patín, que xa contestei ao BNG.
- 3) En canto a resolución 323/18 , quedei no próximo pleno en enterarme e resulta que son incumprimentos sobre todo de prazos, onde a determinada data había que ter presentados papeis que teñen que ver con contratos.

Intervén o Sr. Lage Fernández preguntando si son de cotizacións a Seguridade Social.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non o sei, sei que son incumprimentos por parte del concello de obrigacións ca Seguridade Social.

Intervén a Sra. Seijas Díaz manifestando que son impagos de seguros sociais.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que impago de cousas, pásanse os prazos e a Seguridade Social a pasa con recargo e preguntas e isto porque pasou, ben pois porque pasouseme, eu son Alcalde eu isto non o sei o teñen que levar funcionarios, traballadores, isto é responsabilidade dos traballadores, ti crees que eu ando detrás dos prazos das cotizacións e demais, nistoa min isto moléstame claro que molesta pero a veces sucede, eu non sei si queredes afondar nesto, si queredes afondar nisto o miramos con detalle e o levamos a unha comisión isto ven por incumprimentos que pasan a empregados municipais e logo veñen con recargo, forma parte do que pode ser unha xestión ordinaria, pois si é deficiente evidentemente, esa é a realidade nese sentidas estas cousas enfastíanme pero a todos se nos pasan cousas.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e corenta e nove minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.